



Concello de Vigo
Xerencia de Urbanismo
Oficina Municipal de Vivenda e Solo

Praza do Rei, s/n
36202, Vigo
Tel.: 986 810 100
Fax: 986 224 780

EXP.: 1806/433

ASUNTO: convocatoria da Mesa de contratación para o análise das ofertas presentadas no mes de xuño no procedemento para o alleamento por poxa pública das vivendas municipais na rúa Rep. Argentina, 12-14

DECRETO

A Cláusula 10.1 do prego de condicións económico-administrativas que rexen o procedemento para o alleamento por poxa pública á alza en sobre pechado das vivendas municipais da rúa República Argentina, 12-14, prevé que as sesións da Mesa de contratación se celebrarán con periodicidade mensual na sede da Xerencia Municipal de Urbanismo, ás 11:00 horas do primeiro venres de cada mes, para o análise das posturas presentadas no mes inmediatamente anterior, salvo no caso de que non se presentase ningunha oferta.

Por decreto do alcalde-Presidente da XMU de 30.06.2015, decretouse a suspensión da convocatoria xenérica do mes de xullo, até en tanto se redefinise a composición da Mesa de contratación adaptándoa á nova composición política do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Solventada esta cuestión sobrevida polo dito órgano o 06.07.2015, e resultado positivo o certificado de ofertas presentadas no mes de xuño, procede convocar de forma expresa á Mesa de contratación para a realización das funcións previstas no prego de condicións económico-administrativas que rexen o procedemento:


Lugar: Xerencia Municipal de Urbanismo, 2º andar (Pza. do Rei, s/n)
Día: 10 de xullo de 2015
Hora: 12:30 horas

Notifíquese o presente Decreto aos membros da Mesa de contratación, e insírase no perfil do contratante para o seu público coñecemento.

MGC

Vigo, 8 de xullo de 2015.

A PRESIDENTA DA MESA DE CONTRATACIÓN


María José Caride Estévez

